

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

5161 *Real decreto 355/2015, do 8 de maio, polo que se declara a situación de seca no ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Xúcar e se adoptan medidas excepcionais para a xestión dos recursos hídricos.*

A situación actual en que se encontran as reservas de auga na Confederación Hidrográfica do Xúcar, como consecuencia da falta de precipitacións, determina que non se poidan cubrir de modo adecuado as demandas coas reservas existentes nos sistemas de explotación da demarcación.

O ano hidrolóxico 2013/2014 foi extremadamente seco desde o punto de vista da meteoroloxía, debido a que a precipitación acumulada no ámbito territorial da confederación foi inferior á recollida nos últimos 23 anos. A precipitación acumulada neste ano foi duns 281 mm mentres que o valor medio anual neses anos é duns 439 mm.

Consecuencia disto, en decembro de 2014 encóntranse no escenario de emerxencia os sistemas Marina Alta, Vinalopó-Alacantí e Serpis, dos cales os dous primeiros non dispoñen de encoros de regulación e utilizan principalmente recursos subterráneos e o terceiro combina augas superficiais con recursos subterráneos. O sistema Palancia-Los Valles e o sistema Marina Baja encóntranse no escenario de alerta e o resto de sistemas, exceptuando o do Xúcar que está en normalidade, encóntrase no escenario de prealerta. A situación dos escenarios nos sistemas de explotación sería aínda peor de non ser polo bo estado de almacenamento en que se encontraban algúns dos encoros a principios de outubro do ano 2013.

A declaración de seca no ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Xúcar realízase neste real decreto en cumprimento do disposto no artigo 27 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, e tendo en consideración o estado dos sistemas de explotación da demarcación segundo o Sistema global de indicadores hidrolóxicos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que integra os indicadores de estado definidos nos plans especiais de actuación en situación de alerta e eventual seca nas bacías intercomunitarias, aprobados segundo a Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo, en cumprimento do establecido na Lei 10/2001 antes mencionada.

Os plans especiais de seca significaron un cambio substancial na planificación e xestión destes fenómenos naturais e serviron de referencia metodolóxica para a declaración formal das situacións de seca en España. O Plan especial de seca da Confederación Hidrográfica do Xúcar foi e é, polo tanto, eficaz na detección de situacións de escaseza e permitiu activar con suficiente antelación a posta en marcha programada de actuacións de xestión encamiñadas á prevención e á mitigación dos seus impactos para minimizar a deterioración do dominio público hidráulico.

A situación de seca hidrolóxica existente na Confederación Hidrográfica do Xúcar obriga, por un lado, a adoptar medidas temporais que permitan un incremento da auga dispoñible até que os niveis das reservas melloren e, por outro, a adoptar as medidas administrativas necesarias que permitan corrixir no posible esa situación mediante a limitación e restrición dos aproveitamentos de forma equitativa e solidaria entre todos os sectores afectados. Así mesmo, será necesario buscar un equilibrio entre os aproveitamentos e a protección das masas de auga e aplicar para isto as medidas correctoras que sexan necesarias.

Con ese fin, e sen prexuízo do exercicio das facultades previstas no artigo 55 da Lei de augas, o artigo 58 do vixente texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, faculta o Goberno para adoptar, mediante real decreto e en circunstancias de secas extraordinarias, como as que se dan actualmente no

territorio da Confederación Hidrográfica do Xúcar, as medidas que sexan precisas en relación coa utilización do dominio público hidráulico, aínda cando fose obxecto de concesión, para a superación de circunstancias de necesidade, urxencia, anómalas ou excepcionais.

De acordo con isto, este real decreto persegue dotar a Administración hidráulica dos instrumentos normativos que lle permitan proceder á ordenación e protección dos recursos hídricos na forma máis conveniente para o interese xeral.

Para isto, outórgase aos órganos reitores da Confederación Hidrográfica do Xúcar un elenco de facultades extraordinarias, entre as que destacan, dunha parte, a autorización á Xunta de Goberno da Confederación Hidrográfica para modificar as condicións de utilización do dominio público hidráulico calquera que sexa o título legal que dese lugar a esa utilización e para establecer as reducións de subministración de auga que sexan precisas para a xusta e racional distribución dos recursos dispoñibles, limitando os dereitos concesionais a esas dotacións, así como a adaptación dos caudais ecolóxicos fixados na normativa do plan hidrolóxico de bacía cando a súa aplicación poña en risco a garantía do abastecemento ás poboacións, e, doutra, a habilitación á Presidencia da Confederación Hidrográfica para que acorde a realización ou para que impoña a execución daquelas actuacións que sexan necesarias para unha mellor xestión dos recursos hídricos, así como para executar obras de captación, transporte ou adecuación de infraestruturas.

Os procedementos vinculados á execución do real decreto decláranse de urxencia, ao abeiro do establecido no artigo 50 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e ao mesmo tempo simplifícanse os trámites para a modificación das condicións de utilización do dominio público hidráulico, elemento central para garantir a eficacia desta regulación excepcional, asegurando, en todo caso, a necesaria participación e audiencia dos interesados.

Refórzase o réxime sancionador no que atinxe ás infraccións cometidas en relación coas medidas excepcionais incluídas no real decreto, para dotar os órganos competentes de facultades acordes coa gravidade da situación, en beneficio do interese público.

Por outra parte, e tendo en consideración as baixas reservas hídricas existentes na maioría dos sistemas de explotación do ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Xúcar, para que todas estas medidas poidan ser realmente eficaces, o período de aplicación deste real decreto estenderase desde a súa entrada en vigor até o 31 de decembro de 2015.

A realización de obras e outras actuacións técnicas que fosen precisas como consecuencia da declaración de seca que se establece no presente real decreto deberán ser financiadas de acordo coa normativa vixente.

Na elaboración deste real decreto foi oída a Confederación Hidrográfica do Xúcar.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de maio de 2015,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito territorial.*

Este real decreto ten por obxecto declarar a situación de seca no ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Xúcar e establecer as medidas administrativas excepcionais para a xestión dos recursos hidráulicos que permitan paliar os efectos da seca.

Artigo 2. *Atribucións da Xunta de Goberno e da Presidencia da Confederación Hidrográfica do Xúcar.*

1. A Xunta de Goberno constituirá unha comisión permanente, presidida polo presidente da Confederación Hidrográfica e da que formarán parte o comisario de Augas,

o director técnico, o xefe da Oficina de Planificación Hidrolóxica, un representante de cada un dos ministerios de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente; de Industria, Enerxía e Turismo, e de Economía e Competitividade, un representante de cada comunidade autónoma afectada cuxo territorio estea situado no ámbito da confederación hidrográfica e un representante por cada un dos seguintes grupos de usuarios: abastecemento e aproveitamentos enerxéticos, e dous representantes do grupo de regadío, dos cales ao menos un será dos sistemas de explotación que se encontren en peor estado segundo o Plan especial de alerta e eventual seca.

Os representantes serán designados entre os que integran cada grupo dentro da Xunta de Goberno, por proposta da maioría dos integrantes de cada un dos grupos. O presidente da Confederación Hidrográfica nomeará o secretario da comisión entre os seus membros.

Así mesmo, participarán na Comisión Permanente, con voz pero sen voto, un representante das asociacións e organizacións de defensa de intereses ambientais, dous das organizacións sindicais e empresariais máis representativas e un das entidades locais cuxo territorio coincida total ou parcialmente co da demarcación hidrográfica, designados polo presidente da Confederación Hidrográfica, por proposta dos respectivos grupos.

2. Corresponde á Comisión Permanente:

a) Modificar temporalmente as condicións de utilización do dominio público hidráulico calquera que sexa o título habilitante que dese dereito a esa utilización e, en particular:

1.º Reducir as dotacións na subministración de auga que sexan precisas para racionalizar a xestión e o aproveitamento dos recursos hídricos.

2.º Modificar os criterios de prioridade para a asignación de recursos aos distintos usos da auga, respectando en todo caso a supremacía do uso consignado no artigo 60.3.1.º do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

3.º Modificar temporalmente as asignacións e reservas previstas na normativa do Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica do Xúcar, aprobado polo Real decreto 595/2014, do 11 de xullo.

4.º Impor a substitución da totalidade ou de parte dos caudais concesionais por outros de distinta orixe e de calidade adecuada para o uso a que está destinado, para racionalizar o aproveitamento do recurso e dar cumprimento ao réxime de caudais ecolóxicos establecido no plan hidrolóxico.

5.º Modificar as condicións fixadas nas autorizacións de vertedura para protexer a saúde pública, o estado dos recursos e o ambiente hídrico e o dos sistemas terrestres asociados.

6.º Adaptar o réxime de explotación dos aproveitamentos hidroeléctricos ás necesidades, co fin de compatibilizalos con outros usos.

b) Tamén se poderá admitir unha situación de deterioración temporal do estado dunha ou de varias das masas de auga baixo as condicións e os requirimentos que establece o artigo 8 da normativa do Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica do Xúcar.

3. A Presidencia da Confederación Hidrográfica do Xúcar queda facultada para:

a) Adoptar cantas medidas sexan precisas para o eficaz cumprimento dos acordos adoptados pola Comisión Permanente.

b) Acordar a realización ou impor a execución daquelas obras de control ou de medida de caudais e de evolución das masas de auga subterránea que sexan necesarias para unha mellor xestión dos recursos, así como para executar obras de captación, transporte ou adecuación de infraestruturas.

Artigo 3. Tramitación dos procedementos afectados pola aplicación das medidas excepcionais.

1. A tramitación dos procedementos afectados pola aplicación das medidas excepcionais previstas neste real decreto terá carácter de urxencia, de conformidade co previsto no artigo 50 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Na súa virtude, todos os prazos previstos nos ditos procedementos quedarán reducidos á metade, salvo os relativos á presentación de recursos.

2. A tramitación dos procedementos de modificación nas condicións de utilización do dominio público hidráulico efectuarase da seguinte maneira:

- a) O procedemento iniciarao de oficio o órgano competente, o que se notificará aos interesados.
- b) O informe e a elaboración da proposta de modificación realizaraos a Comisaría de Augas.
- c) A audiencia aos interesados reducirase ao prazo de cinco días.
- d) A aprobación da proposta corresponderá á Comisión Permanente e a resolución debe ser motivada.
- e) A Presidencia da Confederación Hidrográfica adoptará as medidas precisas para facer efectiva a resolución de modificación das condicións de utilización do dominio público hidráulico.

3. A resolución adoptada determinará a modificación das condicións de utilización do dominio público hidráulico mentres non sexa expresamente revogada ou se manteña vixente este real decreto.

Artigo 4. Modificación das normas de prelación nos contratos de cesión de dereitos de usos de auga.

O titular do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, ao abeiro do disposto no artigo 67.2 do texto refundido da Lei de augas, poderá autorizar, con carácter temporal e excepcional, cesións de dereitos de uso de auga que non respecten a orde de preferencia definida no plan hidrolóxico ou no artigo 60.3 da norma citada, respectando en todo caso a supremacía do uso consignado no parágrafo 1.º do artigo 60.3 citado.

Artigo 5. Posta en servizo e execución de sondaxes.

A Presidencia da Confederación Hidrográfica queda facultada para autorizar a posta en marcha, por conta propia ou allea, de calquera sondaxe, conte esta con instalación elevadora ou non, que permita a achega provisional de novos recursos. Esta facultade inclúe a posta en servizo de sondaxes existentes ou a execución doutras novas na medida en que sexan imprescindibles para obter os caudais suficientes con que satisfacer as demandas máis urxentes e para achegar recursos para o mantemento do réxime de caudais ecolóxicos nos ríos e as zonas húmidas, fixado na normativa do plan hidrolóxico. Tales sondaxes deixarán de utilizarse de forma ordinaria cando desaparezan as condicións de escaseza e en ningún caso xerarán novos dereitos concesionais.

No caso de que a realización das ditas sondaxes comportase algún custo, este sería financiado con cargo aos créditos ordinarios da propia Confederación Hidrográfica.

Artigo 6. Réxime sancionador.

1. O incumprimento polos usuarios das medidas de redución das dotacións na subministración de auga que se adopten en aplicación do artigo 2.2.a) deste real decreto entenderase que constitúe unha infracción administrativa incluída no tipo definido no artigo 116.3.c) do texto refundido da Lei de augas, e a sanción que corresponda imporase

no seu grao máximo, en atención á súa especial repercusión na orde e aproveitamento do dominio público hidráulico.

2. A derivación de auga das súas canles e o descubrimento de augas subterráneas sen a correspondente concesión ou autorización cando sexa precisa constitúe unha infracción administrativa do artigo 116.3.b) do texto refundido da Lei de augas, e a sanción que corresponda, durante o período de aplicación deste real decreto, impórse no seu grao máximo, en atención á súa especial repercusión na orde e aproveitamento do dominio público hidráulico.

3. A Confederación Hidrográfica do Xúcar poderá executar directamente as medidas de reparación e reposición adoptadas nas correspondentes resolucións dos expedientes sancionadores. O importe das ditas medidas correrá a cargo dos infractores e poderase exixir pola vía administrativa de constrinximento.

Artigo 7. *Relacións coas delegacións do Goberno.*

A Presidencia da Confederación Hidrográfica comunicará aos delegados do Goberno nas comunidades autónomas afectadas por este real decreto as actuacións que se deban realizar co fin de conseguir o cumprimento das medidas contidas nel.

Disposición adicional primeira. *Gasto público.*

1. A creación e o funcionamento da Comisión Permanente de Seca serán atendidos cos recursos asignados aos órganos administrativos e organismos públicos nela representados, polo tanto non suporán ningún incremento do gasto público.

2. As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional segunda. *Subordinación das medidas que se poidan adoptar ao Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica do Xúcar.*

O disposto nos artigos 2.2 a 5 do presente real decreto entenderase sen prexuízo de que ningunha das medidas que se adopten na súa aplicación se poderá apartar da regulación xeral das situacións de seca prolongada previstas nos artigos 8.1 e 19.2, en relación cos artigos 10.1, 12 e apéndice 6.1, do Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica do Xúcar aprobado polo Real decreto 595/2014, do 11 de xullo, nin poderá alterar a preferencia nas actuacións que se prevén nel cando se actúe nalgún dos sistemas para os cales o citado plan prevé accións ou medidas que haxa que acometer ou levar a cabo en casos de seca prolongada, salvo que se motive adecuadamente a súa insuficiencia ou a imposibilidade de acometelas con carácter urgente.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.22.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase o titular do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Vixencia temporal.*

Este real decreto terá vixencia até o 31 de decembro de 2015.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de maio de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA